




*LECTURAS
RECOMENDADAS
3º CICLO*

“EL BOLSO AMARILLO”



É a historia dunha nena que entra en conflito consigo mesma e coa súa familia ao reprimir tres grandes desexos (que esconde nun bolso amarelo).

“ESTE PÍCARO MUNDO”:

Dezaseis divertidos relatos de distintas partes do mundo que nos descubren que todos os pobos teñen os seus pícaros.



***RATICONTO DESÉXAVOS
UN BO NADAL E
MOITAS LECTURAS
DIVERTIDAS***



CURSO 2012-2013

***BIBLIOTECA
RATICONTO***



CEIP COIRÓN—DENA

Enlace ao noso blogue:

<http://bibliotecacoiron.blogspot.com.es/>



ACTIVIDADES REALIZADAS

Querid@s alumn@s,
Queremos comezar este resumo de Actividades realizadas polo Equipo de Biblioteca dando as grazas ao alumnado axudante durante os recreos a súa labor.

Ó longo deste primeiro trimestre foron varias as accións levadas a cabo: elaboración de carnés personalizados da Biblioteca Raticonto así como unha Guía do Axudante e a actualización das Normas de Uso da Biblioteca.


Tamén houbo varias actividades, entre as que destacamos: animación á lectura, Xornada de portas abertas o Día das Bibliotecas Escolares (visita guiada e lectura dun fragmento dun conto e un agasallo en forma de chuche para @s de E. Infantil e un marcapáxinas da nosa mascota Raticonto para @s de E. Primaria). Decoramos a Biblioteca polo Samaín baixo o lema "Contos de Medo" cunha exposición de contos sobre o tema. Estivemos presentes na celebración do Magosto, disfrazando a nosa mascota para a ocasión, disfrutando dun ambiente festivo con tod@s. E nestas datas tan sinaladas, non podiamos deixar pasar a ocasión para unha decoración navideña tanto dentro da Biblioteca coma no corredor, pois en colaboración con Extraescolares e o Departamento de Inglés montamos un mural sobre o Nadal en Inglés.

Pois ben, aquí vos agardo á volta das vacacións, desexándovos Un Nadal de Lecturas coma por exemplo estas. Mirade, mirade!...



LECTURAS RECOMENDADAS ED. INFANTIL E 1º CICLO


"O RELOXO DE CARLOS"




A Carlos regálanlle un reloxo no supermercado e quere comprobar se é sumerxible. Tatá colle o reloxo e fai unha trasnada con el, pero os Bolechas sempre teñen solución para todo.

"MI ABUELO SIMÓN LO SABE"

Julita cóntanos a historia dunha persoa que marcou a súa vida, o seu avó...



"YO VOTO POR MÍ"




Cada catro anos, os animais elixen rei. Ao león encántanlle as eleccións, pois todos votan sempre por el. Pero esta vez será distinto pois ten un duro contrincante.



LECTURAS RECOMENDADAS 2º CICLO

"EL LIBRO INCLINADO"

Conta o aparatoso descenso de Bobby a bordo do seu cochiño de bebé pola costa máis empinada do barrio. Atravesará a cidade atropelando veciños, gardas, tendeiros e outros incautos que se encontraban en mal lugar...



"OVOS DUROS"

A filla do carboeiro era coñecida pola súa intelixencia. O príncipe, atraído polo seu enxeño, rétaa a un xogo intelectual que acabará por marcar o destino das súas

